CONCELLO DE SANTIAGO

COMPOSTELA ABERTA

INTERPELACIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA SOBRE A CONTRATACIÓN 'A DEDO' MEDIANTE O CONTRATO-MENOR DE MÁIS DE 130.000€ EN ESTUDIOS DE TURISMO E SOBRE O DESENVOLVIMENTO DO 'PLAN DE SOSTIBILIDADE TURÍSTICA' DURANTE O PRIMEIRO TERZO DA SÚA VIXENCIA

O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte **interpelación** para o seu debate e inclusión na orde do día do Pleno da Corporación:

ANTECEDENTES:

Durante o ano 2020 o goberno municipal contratou, desde o departamento de Relacións Institucionais e Turismomediante e a través da modalidade do contrato menor adxudicado directamente, múltiples estudios, que na súa totalidade sumán un gasto "a dedo" de 130.197,90 € distribuidos do seguinte xeito:

1. O 17 de xaneiro de 2020 contratouse coa empresa ASISTENCIAS TÉCNICAS CLAVE S.L un estudo co seguinte título: ***Análise e Diagnóstico do efecto da proliferación das Turístico en Santiago de Compostela*** ascendendo o gasto aos 18.089,50€

2. O 17 de xaneiro de 2020 contratouse coa empresa TECHFRIENDLY SL un estudo co seguinte título: ***Identificación dos patróns de comportamento dos usuarios das vivendas de uso Turístico en Santiago de Compostela*** ascendendo o gasto aos 17.908,00€

3. O 17 de xaneiro de 2020 contratouse con IAGO LESTEGAS TIZON un estudo co seguinte título: ***Investigación mediante traballo de campo sobre Viv.de Uso Turístico en Santiago de Compostela*** ascendendo o gasto aos 14.822,50€

4. O 14 de febreiro de 2020 controuse con JOSE NICOLAS GONZALEZ RIVERA a elaboración do ***Plan de impulso da Axenda 2030 na cidade de Santiago de Compostela***, ascendendo o gasto aos 18.029,00€

5. O 14 de febreiro de 2020 contratouse coa empresa KULTURA IDEAS Y ESTRATEGIAS PARA EL PATRIMONIO SL a elaboración do ***Plan director do ano santo 2021 na cidade de Santiago de Compostela*** ascendendo o gasto aos 18.016,90€

6. O 14 de febreiro de 2020 contratouse coa empresa VERNE TOURISM EXPERTS SL un estudo baixo o título de ***Definición do modelo de gobernanza e xestión do turismo na cidade de Santiago*** 18.029,00€

7. O 28 de agosto de 2020 controuse coa empresa STRATEGY AND ANALYTICS ESTANCIA

C3 SLU un ***Estudo de Mercado sobre o posicionamento de Santiago de Compostela nos Mercados Turísticos obxectivo trala crise da Covid*** ascendendo o gasto aos 17.303,00€

8. O 23 de novembro de 2020 contratou co INSTITUTO GALEGO DE ANALISE E DOCUMENTACION INTERNACIONAL un estudo baixo o seguinte título ***Difusión e promoción da cidade de Santiago de Compostela e do Xacobeo 2021 na China*** ascendendo o gasto aos 8.000,00€

A todo o anterior hai que engadirlle que hai xusto un ano, o 30 de setembro do 2020 o alcalde se autoparabenizaba porque o "Plan de Sostibilidade Turística en destinos 2021/2023 de Santiago" fora escollido polo Ministerio e que contaría cun orzamento total de tres millóns de euros, cofinanciados a partes iguais por Concello, Xunta e Secretaría de Estado de Turismo. Un plano para o que se elaborou unha memoria técnica de máis de 200 páxinas e que prevé executar "múltiples actuacións nos próximos tres anos (...) orientadas a renovar o modelo turístico da cidade".

O Plan di procurar "un novo impulso ao sector turístico nun momento no que está vivindo unha grave crise provocada polo impacto do Covid-19", e está estruturado en cinco eixos: Gobernanza, Estratexia e Activación do sector turístico; Destino intelixente, Mobilidade sostible e Accesibilidade; Cidade Histórica e Estratexia Verde; Transición ecolóxica do sector turístico; e Renovación da mercadotecnia e creación de novos produtos e experiencias sostibles.

Por todo o anterior, transcorridos 9 meses do presente ano 2021, e tendo en conta a elevada cifra contratada directamente por este departamento, que moitos dos estudos teñen títulos ou conceptos parecidos e que mesmo este grupo municipal non puido ter acceso a todos eles, e que das accións concretas do 'Plan de Sostibilidade Turística" así como da renovación do modelo turístico da cidade pouco ou nada se sabe, presentamos a seguinte **INTERPELACIÓN** para o seu debate no Pleno:

- **Que conclusións extrae o goberno municipal de cada un destes estudos? En que programas aplicou cada unha destas conclusións? Que programas, estratexias ou accións concretas se derivan de cada un destes estudios? Que valoración xeral fai o goberno dos mesmos? Que actuación concretas tén desenvolvido o goberno local ou vai desenvolver neste 2021 das que aparecen recollidas no 'Plan de Sostibilidade Turístico 2021-23' tendo en conta que ao final deste ano xá tería transcorrido ⅓ do período de desenvolvimento do devandito plan?**

Santiago de Compostela, a 21 de septembro do 2021

COMPOSTELA ABERTA

Marta Lois González

GRUPO MUNICIPAL

Portavoz do grupo municipal de Compostela Aberta

AO ALCALDE DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA